

non se imporá sanción polas infraccións previstas nos artigos 191, 193, 194 ou 195 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que se orixinasen pola non-consignación de cantidades na autoliquidación, e deberanse impor as sancións correspondentes ás infraccións previstas nas ditas normas.

Disposición transitoria única. *Aplicación transitoria da renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador.*

Nos procedementos de aplicación dos tributos, salvo os de inspección, iniciados a partir do 1 de xullo de 2004 en que non se notificase a proposta de liquidación no momento da entrada en vigor deste regulamento e non resulten de aplicación os prazos previstos no artigo 26.1, poderase renunciar á tramitación separada do procedemento sancionador no prazo dos 15 días seguintes ao da citada entrada en vigor.

Nos procedementos de inspección iniciados a partir do 1 de xullo de 2004 en que non finalizase o trámite de audiencia previo á subscrición da acta no momento da entrada en vigor deste regulamento e non resulten de aplicación os prazos previstos no artigo 26.1 deste regulamento, poderase renunciar á tramitación separada do procedemento sancionador no prazo dos 15 días seguintes ao da citada entrada en vigor.

O prazo establecido nos parágrafos anteriores terá a consideración de interrupción xustificada.

Disposición derradeira única. *Habilitación normativa.*

No ámbito de competencias do Estado, autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto nos capítulos III e IV deste regulamento.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**18480** REAL DECRETO 2064/2004, do 15 de outubro, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros. («BOE» 261, do 29-10-2004.)

O Real decreto 1998/1995, do 7 de decembro, polo que se ditan as normas para o control da primeira venda dos produtos pesqueiros, establece a normativa básica nesa materia, de conformidade co establecido no Regulamento (CEE) n.º 2847/93 do Consello, do 12 de outubro de 1993, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común. As posteriores modificacións do citado regulamento viñeron reforzar o réxime de control aplicable en todos os ámbitos da política pesqueira.

En concreto, o Regulamento (CE) n.º 846/98 do Consello, do 17 de decembro de 1998, que modifica o Regulamento (CEE) n.º 2847/93 polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, introduciu novas medidas de control respecto das operacións de primeira venda e transporte dos produtos pesqueiros e a correspondente documentación acreditativa daquelas.

O Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e a explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, establece tamén no seu artigo 22.2 disposicións aplicables á regulación e control da primeira venda dos produtos pesqueiros.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece nos seus títulos II e III a normativa básica de ordenación do sector pesqueiro e de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, facultando o Goberno para o seu desenvolvemento regulamentario.

Así pois, e sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios, mediante este real decreto procédese a adaptar o noso ordenamento interno, nesta materia, á citada normativa comunitaria.

De conformidade co previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1999, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, esta disposición foi remitida á Comisión Europea e aos demais Estados membros.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e o sector pesqueiro afectado.

A disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, autoriza o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de outubro de 2004,

### DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular a primeira venda dos produtos pesqueiros con ocasión do seu desembarque ou descarga en territorio nacional, incluíndo as importacións.

2. Será de aplicación aos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, vivos, frescos, refrixerados, conxelados e ultraconxelados, sen transformar ou transformados a bordo ou en instalacións de acuicultura, envasados ou non.

Artigo 2. *Lugares de desembarque e descarga.*

1. Os produtos pesqueiros vivos, frescos ou refrixerados, conxelados e ultraconxelados, transformados ou sen transformar só poderán ser desembarcados nos portos delimitados polos órganos competentes das comunidades autónomas, e nos peiraos ou lugares designados polas autoridades portuarias.

2. No suposto de que non sexan desembarcados en porto, a súa descarga poderá realizarse naqueles lugares que determinen as comunidades autónomas.

3. Cando se trate dunha importación de produtos pesqueiros, os portos e lugares de desembarque ou descarga autorizados serán aqueles designados polo Goberno.

Artigo 3. *Primeira venda.*

1. A primeira venda dos produtos pesqueiros poderase levar a cabo nos lugares que a continuación se indican, e neles non se poderán realizar segundas poxas, unha vez que na primeira recaese adxudicación:

A) Produtos pesqueiros vivos, frescos e refrixerados:

a) Produtos da pesca. A primeira venda dos produtos da pesca realizarase nas lonxas dos portos, a través dos titulares da concesión daquelas.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, tamén se poderá realizar a primeira venda en centros ou establecementos autorizados polas comunidades autónomas nos supostos que a continuación se indican:

1. Cando se trate de produtos que non se descarguen en porto.

2. Cando a primeira venda se leve a cabo nos territorios insulares que non dispoñan de lonxa.

3. Cando se trate de capturas realizadas coa modalidade de pesca de almadraba, o coral ou a flora mariña.

b) Produtos do marisqueo. A súa primeira venda poderase realizar nas lonxas dos portos ou nos centros autorizados polas comunidades autónomas, situados dentro ou fóra do recinto portuario.

c) Produtos da acuicultura. A primeira venda dos produtos da acuicultura poderase realizar nas lonxas dos portos, nos centros de produción ou nos establecementos situados dentro ou fóra do recinto portuario, autorizados polas comunidades autónomas.

B) Produtos conxelados, ultraconxelados ou transformados a bordo ou en instalacións de acuicultura.

A primeira venda dos produtos pesqueiros conxelados, ultraconxelados ou transformados realizarase nos centros ou establecementos autorizados polas comunidades autónomas.

2. Sempre que os produtos non sexan obxecto de primeira venda nas lonxas, unicamente poderán ser adquiridos por compradores autorizados polas comunidades autónomas xa se trate de persoas físicas ou xurídicas, centros ou establecementos.

**Artigo 4. *Requisitos que deben reunir os lugares onde se realice a primeira venda.***

1. Co obxecto de poder cumprir coas obrigas de control derivadas da normativa da Unión Europea para o efecto, as lonxas e os centros ou establecementos autorizados polas comunidades autónomas para realizar as primeiras vendas dos produtos pesqueiros deberán reunir, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Dispor de equipamentos informáticos suficientes e adecuados para a obtención e transmisión ao órgano competente da comunidade autónoma e, se é o caso, da Administración xeral do Estado de todos os datos que precisen sobre as transaccións que nelas se efectúen para o seu control estatístico.

b) Dispor de sistemas de pesaxe precisos e adecuados ás características dos produtos pesqueiros obxecto de transacción.

c) Publicar os horarios de funcionamento e informar con antelación das primeiras vendas, calquera que sexa o lugar onde estas se celebren.

2. Os requisitos anteriormente citados deberán ser observados sen prexuízo do cumprimento daqueles a que se refire o capítulo II.3 do anexo do Real decreto 1437/1992, do 27 de novembro, polo que se fixan as normas sanitarias aplicables á produción e comercialización dos produtos pesqueiros e da acuicultura, e o contido do Real decreto 571/1999, do 9 de abril, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria que fixa as normas aplicables á produción e comercialización de moluscos bivalvos vivos.

**Artigo 5. *Nota de venda.***

1. Na primeira venda dos produtos pesqueiros, sexa cal for a modalidade da transacción, unha vez feita efec-

tiva, deberá cubrirse o documento nota de venda, que deberá conter, polo menos, os seguintes datos:

a) Produtos da pesca e marisqueo:

1.º A denominación comercial e científica de cada especie e a súa zona de captura, de acordo co Regulamento (CE) n.º 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello no relativo á información do consumidor no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

2.º Para os produtos pesqueiros frescos, o tamaño ou peso dos exemplares, presentación e frescura, de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 2406/96 do Consello, do 26 de novembro de 1996, polo que se establecen normas comúns de comercialización para determinados produtos pesqueiros, para as especies reguladas neste.

3.º A cantidade vendida e o prezo por quilo de cada especie.

4.º O destino dos produtos retirados do mercado, se é o caso, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 2494/2001 da Comisión, do 19 de decembro de 2001, que modifica o Regulamento (CE) n.º 80/2001 no que respecta ás opcións de comercialización dos produtos da pesca retirados do mercado.

5.º Identificación, nome e apelidos ou razón social do comprador e do vendedor.

6.º Lugar e data da venda.

7.º Referencia ao contrato de compravenda, nas vendas contractuais.

8.º O nome, as marcas de identificación externa e pavillón do buque para os produtos desembarcados de buques comunitarios, así como o número interno do buque que figura no Rexistro comunitario de buques de pesca, se é o caso.

9.º O nome, as marcas de identificación externa, o indicativo internacional de radio e pavillón do buque para os produtos desembarcados de buques de países terceiros.

10.º O nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro.

11.º O porto e a data de desembarque ou lugar e data da importación ou lugar e data da descarga.

12.º Referencia ao documento de transporte, declaración de recollida ou ao documento T2M, DUA (documento único de aduanas) ou EUR 1 (certificado de circulación de mercadorías) en que conste a orixe das cantidades transportadas, cando os produtos se poñan á venda nun lugar distinto ao de desembarque ou descarga.

b) Produtos da acuicultura:

1.º Denominación científica e comercial das especies.

2.º Lugar de cría, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001.

3.º Cantidade vendida e prezo por quilogramo.

4.º Identificación, nome e apelidos ou razón social do comprador e do vendedor.

5.º Lugar e data da venda.

2. Serán responsables de cubrir e emitir a nota de venda e da súa presentación ante as autoridades competentes, de acordo co establecido no artigo 22.2.c) do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, e co contido do Regulamento (CE) n.º 846/98 do Consello, do 17 de decembro de 1998, que modifica o Regulamento (CEE) n.º 2847/93 do Consello, do 12 de outubro de 1993, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común:

a) O concesionario da lonxa e, no seu defecto, os axentes autorizados pola comunidade autónoma para a realización da primeira venda nela e autorizados pola autoridade portuaria para o desenvolvemento da dita actividade no porto. Neste último suposto, as notas de venda deberánselle remitir á autoridade portuaria titular da lonxa, para efectos de que esta as presente ante as autoridades competentes.

b) O titular do centro ou establecemento autorizado ou o titular do centro de expedición ou depuradora.

3. O prezo, expresado en euros, que figure na nota de venda dos produtos pesqueiros frescos e conxelados, deberá coincidir co prezo de venda que conste na correspondente factura, sen incluír impostos.

#### Artigo 6. *Declaración de recollida.*

1. Cando os produtos pesqueiros desembarcados ou descargados non se poñan á venda ou se destinen a unha posta en venda ulterior ou aprazada, o seu propietario ou o seu representante cubrirá o documento de declaración de recollida, e será responsable da súa presentación ante o órgano competente da comunidade autónoma.

2. O documento de declaración de recollida deberá conter, polo menos, os seguintes datos:

a) A denominación comercial e científica de cada especie e a súa zona xeográfica de captura ou de cría de acordo co Regulamento (CE) n.º 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001.

b) Para todas as especies, o peso desagregado por cada forma de presentación do produto.

c) O nome, as marcas de identificación externa e pavillón do buque para os produtos desembarcados de buques comunitarios, así como o número interno do buque que figura no Rexistro comunitario de buques de pesca, se é o caso.

d) O nome, as marcas de identificación externa, o indicativo internacional de radio e pavillón do buque para os produtos capturados por buques de países terceiros.

e) O nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro.

f) O porto e a data de desembarque ou lugar e data de importación ou lugar e data de descarga.

g) O lugar ou lugares en que os produtos estean almacenados.

h) Se é o caso, a referencia ao documento de transporte ou ao documento «T 2 M», «DUA» ou «EUR 1» en que conste a orixe das cantidades transportadas.

3. Cando a comercialización dos produtos pesqueiros fose obxecto dun prezo contractual ou dun prezo global para un período de tempo determinado, o propietario dos produtos ou o seu representante deberá cubrir, así mesmo, o documento de declaración de recollida e remítalo ao órgano competente da comunidade autónoma, sen prexuízo da posterior presentación da nota de venda unha vez que esta se formalice.

#### Artigo 7. *Documento de transporte.*

1. Os produtos pesqueiros en relación cos cales non se formalizase nota de venda nin declaración de recollida e que se transporten a un lugar distinto do de desembarque, descarga ou importación, deberán ir acompañados do documento de transporte, até o lugar onde se almacene, se transforme ou se efectúe a primeira venda.

2. O documento de transporte ten que conter, polo menos, os seguintes datos:

a) O nome, as marcas de identificación externa e pavillón do buque para os produtos desembarcados pro-

cedentes de buques comunitarios, así como o número interno do buque que figura no Rexistro comunitario de buques de pesca, se é o caso.

b) O nome, as marcas de identificación externa, o indicativo internacional de radio e pavillón do buque para os produtos desembarcados procedentes de buques de países terceiros.

c) O lugar en que se realizou a importación do envío, no suposto de importacións que non se realicen por barco, de acordo co establecido no artigo 13.2.a) do Regulamento (CEE) n.º 2847/93 do Consello.

d) O nome do armador ou do capitán do buque pesqueiro.

e) O nome do consignatario, o lugar e a data de carga.

f) O lugar de destino do produto e a identificación do vehículo de transporte.

g) As cantidades de peixe de cada especie transportada, expresadas, se é o caso, en quilogramos de peso transformado, a denominación científica e comercial de cada especie e a súa zona xeográfica de captura ou de cría de acordo co Regulamento (CE) n.º 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001.

3. O transportista da mercadoría será o responsable da emisión do documento de transporte e o responsable da súa presentación ante o órgano competente da comunidade autónoma de orixe do produto.

#### Artigo 8. *Documentos que acompañan o produto no transporte posterior á primeira venda.*

No caso de que os produtos pesqueiros fosen vendidos de acordo con calquera das modalidades de venda previstas, e se transporten a un lugar distinto do de desembarque ou descarga, o transportista deberá probar en todo momento a transacción efectuada, mediante copia da nota de primeira venda, albará ou outro documento que o acredite, incluíndo a factura.

#### Artigo 9. *Prazos para a remisión de documentos á autoridade competente.*

1. As notas de venda remitiranse nun prazo de 48 horas, a partir da primeira venda, ao órgano competente da comunidade autónoma onde se efectúe a dita venda.

2. As declaracións de recollida e os documentos de transporte remitiranse nun prazo de corenta e oito horas a partir do momento do desembarque ou descarga ás autoridades competentes da comunidade autónoma onde fosen emitidas.

3. O transportista dos produtos pesqueiros desembarcados ou descargados noutro Estado membro da Unión Europea cuxa primeira venda se vaia realizar en España deberá presentar nun prazo de corenta e oito horas a partir do desembarque unha copia do documento de transporte á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados Pesqueiros do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

#### Artigo 10. *Réxime sancionador.*

As infraccións ao disposto neste real decreto sancionaranse de conformidade co establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, sen prexuízo da aplicación das normas autonómicas ditadas no exercicio das súas competencias.

#### Disposición adicional primeira. *Comunicación de información.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas comunicaranlle á Dirección Xeral de Estruturas e

Mercados Pesqueiros, nun prazo de quince días, as concesións de autorización a persoas físicas ou xurídicas, establecementos ou lugares autorizados para que poidan realizar a primeira venda dos produtos pesqueiros.

2. Así mesmo, os órganos competentes das comunidades autónomas remitiranlle á Dirección Xeral de Estructuras e Mercados Pesqueiros, o primeiro día hábil de cada mes, os datos obtidos das primeiras vendas que se realicen durante a primeira quincena do mes anterior e o décimo sexto día de cada mes, ou, se este non fose hábil, o primeiro día hábil seguinte, os datos referidos á segunda quincena do mes anterior, para efectos do cumprimento dos controis e comunicacións que establece o Regulamento (CEE) n.º 2847/93 do Consello.

Disposición adicional segunda. *Informatización.*

1. A Dirección Xeral de Estructuras e Mercados Pesqueiros e os órganos competentes das comunidades autónomas establecerán os mecanismos adecuados de coordinación para a implantación de bases de datos informatizadas que permitan o intercambio electrónico de datos mediante formatos e protocolos de comunicación normalizados.

2. Nas ditas bases rexistraranse tamén os datos relativos aos recursos pesqueiros a que se refire o artigo 6.4 do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002.

Disposición adicional terceira. *Confidencialidade.*

As administracións públicas competentes en cada caso adoptarán as medidas necesarias co fin de garantir un tratamento confidencial dos datos recibidos en virtude deste real decreto, restrinxíndose o seu uso aos fins para cuxo cumprimento se achegan, salvo que deban usarse para protexer a saúde pública.

Disposición adicional cuarta. *Documentación específica.*

Para todas as especies para as cales se establecese a obriga de iren acompañadas dunha documentación específica, deberase presentar a dita documentación, xunto coa establecida neste real decreto, en calquera momento por solicitude das autoridades competentes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 1998/1995, do 7 de decembro, polo que se ditan as normas para o control da primeira venda dos produtos pesqueiros.

Disposición derradeira primeira. *Normativa de seguridade alimentaria.*

As disposicións deste real decreto aplicaranse sen prexuízo do cumprimento das disposicións sobre seguridade alimentaria que lle sexan de aplicación.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas precisas para o cumprimento e aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.19. da Constitución co carácter de normativa básica de ordenación do sector pesqueiro, salvo o punto 3 do artigo 2, que se dita en virtude da competencia exclusiva do Estado sobre pesca marítima.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

## MINISTERIO DE FOMENTO

**18571** REAL DECRETO 2127/2004, do 29 de outubro, polo que se regulan os requisitos de seguridade das embarcacións de lecer, das motos náuticas, dos seu compoñentes e das emisións de escape e sonoras dos seu motores. («BOE» 262, do 30-10-2004.)

A Directiva 94/25/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de xuño de 1994, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas a embarcacións de lecer, adoptada para a harmonización das diferentes lexislacións nacionais na devandita materia coa finalidade de eliminar os obstáculos ao comercio e as condicións de competencia desiguais no mercado interior da Unión Europea, establecía os requisitos básicos de seguridade no deseño e construción da devandita clase de embarcacións, acabadas e semiacabadas, así como a de certos dos seus compoñentes con incidencia na seguridade da navegación. Así mesmo, regulaba os procedementos de avaliación de conformidade dos citados produtos cos requisitos esenciais establecidos, e o réxime para a designación polos Estados membros dos organismos notificados encargados de realizar certos cometidos nos devanditos procedementos de avaliación de conformidade. Finalmente, regulaba a existencia, características e condicións da marcación «CE» dos devanditos produtos.

A incorporación ao ordenamento xurídico español da citada directiva efectuouse mediante o Real decreto 297/1998, do 27 de febreiro, polo que se regulan os requisitos de seguridade das embarcacións de lecer, embarcacións de lecer semiacabadas e os seus compoñentes, en aplicación da Directiva 94/25/CE.

Con data 16 de xuño de 2003, aprobouse a Directiva 2003/44/CE do Parlamento e do Consello, pola que se modifica en profundidade a Directiva 94/25/CE.

A nova directiva amplía o ámbito da regulación ás motos náuticas e aos seu motores, aos motores de propulsión de embarcacións de lecer, ás emisións de escapes e ás emisións sonoras dos devanditos motores. Con iso perséguese integrar determinados requisitos en materia de protección de ambiente, co fin de fomentar un desen-